A Cruña
20.X.76

Benquerido amigo:

Chegóu ás miñas máns o "Luis Seoane", de Rafael Squirru. O artista e máilo home non están enteiros no estudo crítico-biográfico, mais no que están, están verdadeiros. A semblanza do matrimonio, unha delicia de finura, de observación e de gracia. Ben vista a infraestructura románica na obra do artista, a axustadamente valoradas a liña e a cóor no plano bidimensional do lenzo. Pola súa zinxeleza e claridade, trátase, ao meu ver, dunha guía utilísima prá comprensión da obra obxeto de análisis.

Graciñas, amigo, cunha forte aperta pra vós os dous. Domingo

